

# O TEATRO GALEGO

Henrique Rabuñal

Unha iniciativa de



co apoio de



A existencia do teatro galego é a conquista patriótica e artística, nunca exenta de retos e dificultades, de centos de persoas que o fixeron e fan posíbel ao longo fundamentalmente dos últimos cento vinte e cinco anos. Espectadores, compañías, autores, actores e actrices, críticos, pensadores e historiadores, mestres, diversos profesionais dos espectáculos, todos eles e todas elas deixaron e deixan a súa pegada e a súa presenza nunha área esencial da nosa cultura contemporánea, unha área na que se verifican algunhas das olladas máis poéticas e comprometidas sobre nós e os nosos problemas.

### **1882: A data fundacional**

A data fundacional do teatro galego coincide coa estrea na Coruña o 13 de agosto de 1882 de *A fonte do xuramento* de Francisco María de la Iglesia. Antes desa data, en plena decadencia da nosa lingua e cultura, Gabriel Feixóo de Araúxo redixira en 1671 o seu *Entremés famoso sobre a pesca no río Miño*, unha visión das rivalidades entre galegos e portugueses miñotos e xa no século XIX escribíanse *A casamenteira* de Benito Fandiño e diversas pezas de Ramón Varela, Xan da Cova, Chao Ledo, Mato Vizoso, Manuel Lago ou Laureano Guitián por non falarmos das pezas bilingües dun Ricardo Caruncho, por exemplo, e das farsas e entremeses da nosa cultura popular.

*A fonte d'o xuramento* de Francisco María de la Iglesia, editada mais tamén estreada en 1882 simboliza no noso teatro o que os *Cantares gallegos* de Rosalía na nosa poesía. O primeiro chanzo dunha andaina irregular. A peza é o comezo dunha recuperación que se vai manifestar en certames literarios promovidos polos rexionalistas nos anos 80 e 90 do século XIX e nun aumento da actividade teatral galega que culminará a comezos do século XX coa fundación na Coruña da Escola Rexional de Declamación. Tamén cultivaron o teatro nesta época Emilio Álvarez Giménez, Amor Meilán, Xoán Cuveiro, Urbano González Varela e xa na emigración americana Novoa Costoya e Roxelio Civeira en Bos Aires e Armada Teixeira en Cuba onde dá a coñecer *Non máis emigración*.

## **Nace a Escola de Declamación**

Antes da aparición do movemento das Irmandades da Fala e case coincidindo co comezo do século XX, produciuse na Coruña en 1903 a fundación da Escola Rexional de Declamación (ERD) á que aparecen ligados Galo Salinas, Manuel Lugo Freire e Eduardo Sánchez Miño. Salinas incorpora nos seus textos ideoloxía rexionalista e conflitos sentimentais sendo autor dunha vasta obra -cualificada pola crítica como costumista- con títulos tan emblemáticos como *A torre de peito burdelo*, *¡Filla..!*, *Sabela*, *Feromar*, *Entre o deber e o querer* ou *Bodas de ouro*. Lugo Freire inaugurou entre nós o teatro social e en prosa sendo autor de *A ponte*, *Minia*, *Mareiras*, *Esclavitú*, *O pazo* e *Estadeíña*. Sánchez Miño, actor e promotor de diversas compañías, é autor da comedia *Unha noite no muíño* (1908) e da obra *¡A roín feira...!*. Desaparecida a ERD, animaron a nosa vida teatral os coros populares e grupos como Thalía, Brisas Futuras ou A Terriña.

Xunto a estes autores, cultivaran o teatro nestes anos Martelo Paumán, Avelino Veloso, Manuel María González, Emiliano Balás, Fernández Gastañaduy, Cabeza de León, Carré Aldao, San Luís Romero (o autor da celebrada e agrarista *O fidalgo*), Rodríguez Elías, Manuel Comellas, Xavier Prado "Lameiro", Xesús Rodríguez López, autor de *O Chufón* e xa en Cuba Nan de Allariz autor de pezas populares e en parte vindicativas como *Recordos dun vello gaiteiro*, *¡Airiños...levaime a ela!* ou *O zoqueiro de Vilaboa*.

## **A etapa nacionalista**

O Teatro Nacionalista, que se desenvolve entre 1916 e 1936, solidario deste discurso político e das súas grandes conquistas culturais engloba un feixe de certames, conferencias, grupos, un considerábel labor historiográfico, traducións, sendo neste período relevante o labor do Conservatorio Nacional de Arte Galega e da Escola Dramática Galega. Os coros desenvolveron tamén unha importante actividade teatral. É o caso de Cantigas da Terra e Queixume dos Pinos na Coruña, Toxos e Froles en Ferrol, Cantigas e Agarimos en Santiago, De Ruada e Os Enxebres en Ourense, Cantigas e Aturuxos e Frores e Silveiras en Lugo, Foliadas e Cantigas en Pontevedra por non falarmos doutros grupos relevantes como o Cadro Universitario da USC ou a Agrupación Dramática Galega de Vigo. As

principais vilas e cidades do país acollen espectáculos e actividades teatrais. A compañía promovida polo actor Ricardo Vidal nos anos 30 representou profesionalmente obras de varios autores da época. Nesta etapa podemos subliñar a presenza de catro dramaturgos: Ramón Cabanillas, Vilar Ponte, Leandro Carré e Armando Cotarelo.

Asistimos á creación do Conservatorio Nacional de Arte Galega (1919) e da Escola Dramática Galega (1922). Co primeiro chega ao noso teatro o recoñecido poeta Ramón Cabanillas, autor da moi representada comedia *A man de Santiña* e, en colaboración con Vilar Ponte, de *O Mariscal*. Vilar Ponte, alén de escribir importantes escritos sobre teatro, pasou de cultivar o teatro social en *A patria do labrego*, *Entre dous abismos* e *Almas mortas* a obras máis complexas como *Os evanxeos da risa absoluta* e *Nouturnio de medo e morte* pasando polas pezas escritas para os coros *A festa da malla* ou *A probiña que está xorda*. A Escola Dramática tivo como animador a outro dos grandes da nosa historia teatral: Leandro Carré, director, editor, historiador, actor e autor de obras como *Tolerías*, *Noite de ruada*, *Pra vivir ben de casados*, *Rexurdimento*, *Enredos*, *O corazón dun pedáneo*, *A venganza*, *O que é a vida*, *O pecado alleo*, *Para o día de mañán*, *Cousas para os nenos*, *Noite de trunfo*, *Os homildes*, *Co'a máscara do amor*, *Meiguerías*, *Almas en pena* ou *Tiros na rua*.

Armando Cotarelo é autor da maxistral *Mourenza* e de *Hostia*, sobre a figura de Prisciliano, xunto con pezas menos ambiciosas como *Trebón*, *Sinxebra* ou *Lubicán*. Xaime Quintanilla é autor de *Alén*, unha crítica do espiritismo con ambiente e personaxes non galegos, e *Donosiña*, unha innovadora traxedia pasional. Cultivaron o teatro tamén Fernando Osorio, Euxenio Charlón e Sánchez Hermida, López Abente, Ares Miramontes, Xacobo Casal, Porto Rei, Frade Giráldez, Antón Losada, Carme Prieto, Dores del Río, Herminia Fariña ou Euxenio Carré Alvarelos.

Rafael Dieste e Álvaro das Casas tamén fixeron o seu contributo á nosa escena. *A fiestra valdeira* de Dieste é unha das grandes realizacións do noso teatro de preguerra mentres das Casas legounos obras como *A morte de Lord Staüler*, *Pancho de Rábade*, *Tres conversas*, *A volta*, *Sabel*, *O outro*, *Matria*, *Teatro dos nenos*, *Rechouchío* e *Mitin*.

Os autores da xeración Nós tampouco desatenderon o teatro. Otero Pedrayo publica *A lagarada*, redixe as innovadoras peciñas do seu *Teatro*

de *Máscaras* e as recollidas por Aurora Marco no *Teatro ignorado* e volverá ao teatro xa despois da guerra con *O desengano do prioiro*, *Traxicomedia da noite de Santos*, *O fidalgo e a noite* e *Noite compostelá*. Será unha das influencias máis notorias no teatro galego das últimas décadas. Vicente Risco analizou en clave simbolista o tema da deformidade en *O bufón d'el rei* mentres Castelao -promotor dun teatro da arte como o que vira nas súas viaxes por Europa- consegue con *Os vellos non deben namorarse* -estreada en Bos Aires en 1941- unha das máis exitosas e clásicas realizacións da nosa dramaturxia.

No período anterior á guerra civil, autores tan relevantes como Carvalho Calero, Marinhas del Valle ou Álvaro Cunqueiro (*Rúa 26*, *Xan o bo conspirador*) preparaban unha renovación da nosa literatura dramática que primeiro a guerra e logo a ditadura abortaron.

### **Teatro no exilio**

En América, onde se desenvolve unha parte decisiva da actividade cultural galega despois da guerra, non podemos esquecer xunto cos nomes de Luís Seoane e Blanco Amor dous autores esenciais do noso teatro: Ricardo Flores e Varela Buxán. Este último, promotor da Compañía Maruja Villanueva e director da estrea de *Os vellos...* de Castelao, cultiva o realismo costumista e reúne a súa produción nos volumes *O ferreiro de Santán*, *Taberna sen dono*, *A xusticia dun muiñeiro*, *Se o sei... non volvo á casa* ou *O cego de Fornelos e outras comedias*. Ricardo Flores, promotor do grupo "Lugrís Freire", integra no seu teatro a temática amorosa, a evocación do mundo rural e o compromiso galeguista en títulos como *Un ovo de duas xemas*, *Enguedello*, *Catro estampas de beiramar*, *Para isso som teu amigo*, *Ugio* ou *Mai e filha*. Tamén Suárez Picallo e Ramón de Valenzuela colaboran desde Arxentina na empresa do teatro galego.

Pola súa parte, Seoane une o pasado medieval e o presente mesquiño en *A soldadeira* volvendo ao teatro en *O irlandés astrólogo*. Blanco Amor, promotor en Bos Aires do Teatro Popular Galego, recolleu en *Farsas para títeres* e *Teatro pra a xente* o seu teatro de ambiente castelán e galego respectivamente. En 1980 publicou a súa corrosiva *Proceso en Jacobusland*.

## **O teatro galego na posguerra**

En Galiza son decisivas as obras de Marinhas del Valle, Carvalho Calero -promotor en Fingoi dunha importante experiencia de teatro escolar- e Cunqueiro, de quen o grupo da A. C. Iberoamericana estrea en 1959 na Coruña o seu maxistral *Hamlet* (ao que seguirán *A noite vai coma un río* ou *Palabras de víspera*). Carvalho Calero, un dos mellores comentaristas e estudosos do noso teatro e da nosa literatura, recolleu no volume *Teatro completo* as súas obras abertas aos grandes problemas do home do século XX e nas que integra o mundo galego. Marinhas é autor dunhas trinta pezas desde *A revolta* a *Ramo cativo* e reflexionou sobre os grandes temas da liberdade, o poder ou o autoritarismo.

Tamén cultivaron o teatro Ánxel Fole, Díaz Pardo, González-Alegre, López Cid, Agustín Magán, Tomás Barros, Daniel Cortezón e os autores das Festas Minervais como Manuel María -autor dunha obra teatral especialmente valiosa e voluminosa-, Xoana Torres, Bernardino Graña, Avilés de Taramancos, López Casanova ou Riveiro Loureiro. Autores teatrais son tamén Méndez Ferrín, Afonso Gallego, Ánxeles Penas, Franco Grande, Domínguez Quiroga, Rodríguez Pampín, M<sup>a</sup> Xosé Queizán e Isaac Ferreira.

Entre as iniciativas máis significativas e relevantes da etapa franquista, deixando á marxe as estampas de Cantigas da Terra, por exemplo, figura a creación dun grupo teatral en Cantigas e Agarimos que promove en Santiago en 1958 Rodolfo López Veiga e os grupos de teatro independente (O Facho, Circo) que nos anos 60 impulsa na Coruña Manuel Lourenzo. A estes grupos seguirán outros como o Teatro Popular Galego de M. Keyzán, Tespis, Ditea ou Histrión 70.

## **Das Mostras de Ribadavia aos nosos días**

Xunto cos nomes de Xosé Agrelo, -autor de *Noite de lobos*, *Metá e metá*, *O espantallo* ou *O mestre* e promotor dos grupos Candeia e Agrocobo-, Francisco Taxes, Carballo Ferreiro, Vázquez Pintor, Teodoro Piñeiro, Pilar Campo, Xan Cejudo, Suso Medal, Vicente G. Montoto, Dorotea Bárcena, Millán Picouto, Francisco Pillado ou Martínez Oca, hai tres autores decisivos no teatro das últimas décadas e protagonistas das determinantes Mostras de Ribadavia (1973-1980) e da consecuente

profesionalización teatral: Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Roberto Vidal Bolaño. Este último, fundador de Antroido, é tamén director e actor. Foi galardoado cos premios Abrente, Cunqueiro e Rafael Dieste sendo finalista do Nacional de Literatura Teatral. As súas obras máis relevantes son *Laudamaco señor de ningures*, *Ladaíñas pola morte do meco*, *Bailadela da morte ditosa*, *Agasallo de sombras*, *Cochos*, *Saxo tenor* ou *Días sen gloria*. Bolaño acolle na súa dramaturxia elementos populares e a tensión entre estes cos urbanos sendo receptiva a elementos de estirpe cinematográfica. Ruibal aproxímase ao tema da guerra civil en *Zardigot* e *O cabodano*, sendo autor de *A sonada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestinto*, *Cousas da morte*, *A sombra do cabaleiro*, *Azos de esguello*, *Teatro mínimo*, *Maremia* ou o volume para nenos *Brinquemos ó teatro*. Interesado na sociedade conflictiva de posguerra insiste nos temas do poder e da vida ordinaria. Manuel Lourenzo é a viva historia do noso teatro e un dos seus máis importantes autores desde que nos anos 60 promovera a creación dos grupos O Facho e Teatro Circo e máis tarde a Escola Dramática Galega, a Compañía Luís Seoane, Elsinor Teatro e Casahamlet. É tamén, con Francisco Pillado, historiador do noso teatro e promotor de publicacións tan relevantes como os a colección Castrodouro, *Cadernos da Escola Dramática Galega*, *Cadernos de Teatro*, *Casahamlet*, etc. Está en posesión de numerosos premios como o Nacional de Literatura Teatral e a Letra E da Asociación de Escritores en Lingua Galega. É autor de numerosas obras publicadas e estreadas como *Crónica do sol de inverno*, *Erros e ferros de Pedro Madruga*, *Romería ás covas do demo*, *Viaxe ó país de ningures*, *Edén e outros paraísos*, *Traxicomedia de Tebas namorado dunha forza*, *Todos os fillos de Gallad*, *Viva Lanzarote*, *Fedra*, *A noite dourada de Mimí da Cora*, *Medea dos fuxidos*, *A larva furiosa*, *Defensa de Helena*, *O soño das cidades*, *A paixón de Brenda Moore*, *Electra*, *Forzas eléctricas*, *Forno de teatro fantástico*, *Teatro mínimo*, *Veladas indecentes*, *O perfil do crepúsculo*, *Magnetismo*, ... Bo estilista, Lourenzo cultiva o asunto mítico, o teatro simbólico, os personaxes históricos, a crítica profunda xunto con pezas destinadas ao público infanto-xuvenil. Que Manuel Lourenzo recibise hai uns anos o Premio Nacional de Literatura Dramática é un síntoma e un recoñecemento de, que galardoando a obra dun dos máis grandes autores do século, rende homenaxe ao conxunto de escritores e escritoras galegas que foron tecendo o edificio da nosa dramática. E neles ao conxunto das persoas que fixeron realidade a nosa historia teatral.

En Ribadavia confluíu toda a familia teatral e alí conviviron grupos amadores con outros que lograron a súa profesionalización: Antroido, Artello (promotor da Sala Carral en Vigo), Malveira, Caritel, Troula, Teatro da Mari-Gaila, Andrómena, Teatro do Estaribel, A Farándula, Escola Dramática Galega, O Facho, Ditea, Máscara 17, Circo, Cía Luís Seoane (con sala propia na Coruña nos 80), o grupo de Keyzán, Histrión 70 e moitos outros.

En 1980 créase a Asociación de Actores, Técnicos e Directores de Escena -antes Asociación Profesional do Teatro Galego- e en 1984 o sempre controvertido Centro Dramático Galego polo que pasaron figuras tan relevantes do teatro como Eduardo Alonso, Ernesto Chao, Dorotea Bárcena, Damián Villalaín ou Manuel Guede. O Centro, conectado ao IGAEM (1989), promoveu unha Rede Galega de Teatros e Auditorios con presenza en medio cento de concellos e un Centro de Creación Dramática Contemporánea. Tamén existe un centro de documentación que publicou un *Catálogo de dramaturgos galegos* (2005). Nestes anos importantes compañías e novos dramaturgos, nados nos anos 50 e 60, apareceron no noso panorama renovando temas e poéticas. Danse a coñecer nos premios de Teatro Breve da Escola Dramática Galega, o da Biblioteca do Arlequín, o Álvaro Cunqueiro ou o Rafael Dieste. Entre os máis vellos Xesús Pisón (autor das celebradas *O pauto* ou *O rei aborrecido*), Manuel Guede, Guisám Seixas (autor do *Teatro para se comer*), Alberto Avendaño, Fernán-Vello, Camilo Valdeorras (autor de *Progreso e andrómene de Antroido*), Andrés Álvarez Vila e Cid Cabido (autores de *Copenhague*), Rei Ballesteros, Xosé L. Martínez Pereiro, Luísa Villalta, Antón Reixa (autor das orixinais *Gulliver FM* e *Doberman*), Pepe Cáccamo, Paulino Pereiro, Suso de Toro, Fernández Naval, Joel Gómez, Antón Cortizas, Blanco Rey, Manuel Rivas ou Carme Taboada. Ao teatro de bonecos consagrou os seus esforzos Marcelino de Santiago “Kukas”.

Da última lista de dramaturgos que ofrecemos sairán algúns autores decisivos deste século: Cándido Pazó (tamén actor, adaptador, tradutor e director), Raúl Dans, Inma Souto, Roberto Salgueiro, Quico Cadaval, Núñez Singala, Rivadulla “Corcón”, Xosé Sendón, Xavier Lama, Miguel Sande, Miguel A. Murado, Xavier Picallo, Gustavo Pernas, Paco Souto, ou José Luís Prieto. Nos lugares de referencia electrónica ([www.aelg.org](http://www.aelg.org), [www.bvg.udc.es](http://www.bvg.udc.es), [www.culturagalega.org](http://www.culturagalega.org),) o lector poderá achar máis e máis particular información sobre todos eles.



No plano editorial logo do papel desenvolvido por *Grial*, apareceron iniciativas tan importantes como os *Cadernos da Escola Dramática Galega*, a *Revista Galega de Teatro*, a colección Biblioteca do Arlequín, os libros institucionais do Centro Dramático Galego (colección CDG, *Anuario do Teatro Galego*, etc.), a colección da Deputación coruñesa que edita os premios R. Dieste, as revistas *Casahamlet* ou *Escaramuza*, os títulos das editoras Tris Tram, Laiovento, Xerais, Galaxia ou Espiral Maior por non falarmos dos volumes que edita o Arquivo e Biblioteca Francisco Pillado Maior da UDC. No universo académico alén das aulas de teatro das universidades galegas -onde se presentan regularmente teses e publicacións sobre esta materia-, cómpre lembrar o labor da Escola Municipal de Teatro de Narón e a recente creación da Escola Superior de Arte Dramática en Vigo.

Nos últimos anos unha nutrida representación da intelixencia galega consagrou moitos esforzos ao estudo e divulgación do noso teatro. A todos eles algo lle deben estas liñas. É o caso, entre moitos outros, de Manuel Lourenzo, Francisco Pillado, Euloxio Ruibal, Aurora Marco, Laura Tato, Araceli Herrero, Antón Lamapereira, Eduardo Alonso, Damián Villalaín, Anxo Abuín, Manuel Vieites, Dolores Vilavedra, María José Ragué Arias, Helena González, Camilo Franco, Pedro Riobó, Iolanda Ogando, Xosé M. Fernández Castro, Cilha Lourenço, Afonso Becerra, Roberto Pascual, Inma L. Silva ou Carlos Biscaíno.

No momento de finalizar estas liñas homenaxeamos a amplísima nómina de actores e actrices que fixeron posíbel a realidade do noso teatro e que podemos encarnar nunha Mabel Rivera e a listaxe de grupos xurdidos nos últimos tempos desde Rúa Viva a Ollomoltranvía pasando por Chévere, Teatro do Atlántico, Teatro do Morcego ou Áncora Producións. A eles pertencen en grande medida as conquistas da nosa dramática.

O teatro galego neste século XXI buscará o seu lugar na nosa cultura e no noso tempo alimentado pola enerxía, a intelixencia e a paixón dos que non poden vivir sen o seu riquísimo veneno. E será -se cadra en crise permanente- o que entre todos queiramos que sexa.